

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DOS SECTORES ECONÓMICOS (COVID-19)

#### • Datos da persoa ou entidade solicitante

<b>Nome e apelidos/Razón social</b>	
<b>Enderezo:</b>	
<b>DNI/CIF:</b>	<b>Teléfono:</b>
<b>Correo electrónico:</b>	

**Nome comercial do establecemento**

**Dirección completa do establecemento**

A persoa ou entidade solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que acepta as bases da convocatoria e cumpre os requisitos esixidos por esta.
- A actividade desenvolvida pola empresa ou entidade que represento viuse afectada polo cierre de establecemento disposto polo artigo 10 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases en canto ao número de traballadores, réxime de tributación e importe neto anual de cifra de negocios e está exenta do pago do imposto de Actividades Económicas.
- Asumir o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa ou entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.
- Que a persoa o entidade solicitante non se atopa incurso nalgunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Que a persoa ou entidade solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que, no caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativas, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de dita Lei. Que aos efectos do artigo 11 se declara que os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, serán asumidos a partes iguais.



**DOCUMENTACIÓN**  
**(A presentar con esta solicitude)**

**Documentación que se achega (marcar SI/NO)**

No caso das persoas físicas:

\_\_\_\_\_ Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención.

\_\_\_\_\_ Certificado actualizado da situación censal que indique a actividade económica coa fecha de alta, o domicilio fiscal e do local do desenvolvemento da actividade.

\_\_\_\_\_ Resolución ou certificación do alta no réxime especial de traballadores autónomos ou na mutua profesional correspondente.

\_\_\_\_\_ Copia do contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva á actividade.

\_\_\_\_\_ Última declaración presentada de IRPF aos efectos de acreditar sistema de tributación e importe neto de cifra de negocio anual (modelo 130 ou equivalente).

\_\_\_\_\_ Designación de conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

\_\_\_\_\_ Memoria ou orzamento comprensivo das actuacións a realizar no caso de que se solicite a subvención da liña 2 e/ou 3.

**Documentación que se achega (marcar SI/NO)**

No caso das persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

\_\_\_\_\_ NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

\_\_\_\_\_ Certificado da situación censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens, ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.

\_\_\_\_\_ Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e inscritos no Rexistro competente; no seu caso, contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

\_\_\_\_\_ Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, no caso de ser a mesma.

\_\_\_\_\_ Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, no caso de ser a mesma.

\_\_\_\_\_ Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora.

\_\_\_\_\_ Copia do contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva á actividade.

\_\_\_\_\_ Certificado emitido pola Seguridade Social no que conste o número medio de traballadores no ano 2019 e último modelo 200 ou equivalente presentado do Imposto de Sociedades.

\_\_\_\_\_ Designación de conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

\_\_\_\_\_ Memoria ou orzamento comprensivo das actuacións a realizar no caso de que se solicite a subvención da liña 2 e/ou 3.

Redondela, de de 2020.

**(Sinatura)**

#### **SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE REDONDELA**

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008. Bases e convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas ao mantemento dos sectores económicos polo COVID-19 do Concello de Redondela.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal).

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es))

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.